

CULTURA Y TV

A Asociación de escritores crea un centro de documentación

O colectivo de autores galegos celebra durante este ano o seu vintecinco aniversario
O fondo recién iniciado recollerá orixinais e outros documentos literarios

Camilo Franco redacción

En maio de 1980 fundouse a Asociación de Escritores en Lingua Galega e, un ano despois, puxo en marcha a súa primeira actividade relevante: a organización do encontro de escritores que, por primeira vez ao longo do século XX, reuniu a unha meirande parte dos autores que realizaban a súa obra en galego.

O vintecinco aniversario desta fundación querezo conmemorar o colectivo dos escritores galegos repasando cal é o seu papel na sociedade, poñendo en marcha iniciativas documentais e continuando co labor de homenaxe a aqueles persoeiros e autores que destacaron pola defensa do país e salientables pola calidade da súa obra.

As dúas iniciativas máis inmediatas e que se poden entender dentro desta celebración de aniversario son a celebración dun congreso da asociación na primeira fin de semana de xuño e a posta en marcha do Centro de documentación de escritoras e escritores en lingua galega.

Este centro de documentación pretende reunir material literario dos autores galegos, como orixinais de libros, entre outros documentos para constituír un fondo que, agora e no futuro, teña valor documental.

Outras dúas iniciativas forman parte do horizonte inmediato do colectivo literario. Unha delas é a edición dun libro homenaxe a Ánxel Casal, en colaboración co Concello de Santiago, para o que a asociación está reunindo textos para conformar o definitivo volume. A segunda das homenaxes forma parte do ciclo ***O escritor na súa terra***.

Este ciclo pretende sinalar aquelas traxectorias literarias distinguidas ao longo dos anos, cun programa de actos de difusión da obra e cun acto central de homenaxe. A homenaxe, nesta ocasión, celebrarase en Ourense a finais do mes de xuño para homenaxear a vida e a obra das irmáns Pura e Dora Vázquez, autoras dunha extensa obra en todos os xéneros.



ÁLVARO BALLESTEROS